

**MEMORIA ANUAL DO
COLEXIO OFICIAL DE
BIÓLOGOS DE GALICIA
ANO 2010**



Desde o ano 2008, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e anteriormente a Delegación de Galicia do COB, presenta a correspondente Memoria Anual ante a Xunta Xeral de colexiados.

Nesta edición, e nas futuras, incorpóranse novos apartados informativos derivados da *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio (Ley Ómnibus)* e poñerase a información pública na páxina web do Colexio.

Índice:

1. Actividades de defensa da profesión
2. Alegacións presentadas
3. Comisións sectoriais
4. Actividades de formación e xornadas técnicas.
5. Bolsa de Emprego.
6. Servizo de información.
7. Outros servizos colexiais.
8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
9. Participacións do COBGA.
10. Varios.
11. Nova sede do COBGA.
12. Reunións do COBGA.
13. Percepcións membros Xunta de Goberno.
14. Informe anual de xestión económica.
15. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
16. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
17. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
18. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
19. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
20. Estatísticas colexiacións.
21. Información estatística sobre a actividade de visado.

1. Actividades de defensa da profesión

As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e estiveron dirixidas a:

- 1.1. **Entrevista co Secretario Xeral da Consellería do Mar.** Celebrada o 21/I/10, propuxéronse algunhas modificacións unha vez vista a RPT da Consellería.
- 1.2. **Corpo facultativo superior Escala de Enxeñeiros de Montes.** Recurso contencioso-administrativo o 21/I/10 contra a Orde da Consellería de Facenda de convocatoria de elección de destino provisional para os aspirantes que superaron o proceso selectivo.
- 1.3. **Entrevista (solicitada) co Secretario Xeral da Consellería de Medio Ambiente, T. e I.** Celebrada o 12/II/10 coa Subdirectora de Persoal e Xestión Económica para plantexar reivindicacións relacionadas coa RPT da Consellería.
- 1.4. **Entrevista co Conselleiro de Educación e O. U.** Celebrada o 23/II/10, tratándose as reivindicacións relacionadas co ensino non universitario e universitario e unha proposta de colaboración en temas de interese común.
- 1.5. **Plan Estratéxico do SERGAS.** O 25/II/10 enviouse escrito á Conselleira de Sanidade xa que o COBGA non foi invitado á reunión celebrada o día 22/II cara á elaboración de dito plan. A Decana asistiu a outra celebrada o 11/III/10, invitada polo Director da FEGAS.
- 1.6. **Premio Fundación BBVA.** O 1/III/10 propúxose unha candidata ao premio Difusión del Conocimiento y Sensibilización en Conservación de la Biodiversidad 2009.
- 1.7. **Concello de Pontevedra.** Recurso potestativo de reposición contra as bases específicas das prazas de Técnico en Medio Ambiente e Técnico en Medio Ambiente Natural da oferta de emprego público de 2008, que excluían aos biólogos da titulación requirida, interposto o 9/III/10.
- 1.8. **Entrevista co Director Xeral de Función Pública.** Celebrada o 10/III/10 para plantexar reivindicacións relativas ás RPTs das consellerías.
- 1.9. **Deputación Provincial de Pontevedra.** Enviado o 10/III/10 escrito relativo á convocatoria dunha bolsa da Estación Fitopatolóxica do Areeiro destinada exclusivamente a enxeñeiros técnicos agrícolas ou forestais.
- 1.10. **Consellería do Medio Rural.** Recurso potestativo de reposición enviado o 12/IV/10 contra a convocatoria de bolsas de formación de tecnólogos e bolsas de prácticas para recentemente titulados, xa que nalgúns delas omítese a titulación de Bioloxía.
- 1.10. **TRAGSA/TRAGSATEC.** Enviado escrito o 7/V/10 en relación coa oferta dun posto de Licenciado/a en Ciencias do Mar na Coruña para modificar as bases da convocatoria no sentido de incluír aos Licenciados en Bioloxía.

- 1.11. **Director Xeral de Recursos Humanos do SERGAS.** Enviúselle escrito o 18/V/10 para que nas convocatorias de prazas de Técnico Especialista de Laboratorio se contemple como mérito valorable a posesión do título de Licenciado en Bioloxía.
- 1.12. **Director de Área Sanitaria de Ferrol.** A convocatoria do posto de Xefe de Servizo de Microbioloxía incluía só aos Licenciados en Medicina e Cirurxía co título de especialista correspondente. Remítese escrito o 20/V/10 lembrando o que di o anexo do Real Decreto 1163/2002. A convocatoria foi modificada no sentido indicado.
- 1.13. **Concello de Pontevedra.** Recurso contencioso-administrativo o 21/V/10 contra as bases específicas das prazas de Técnico en Medio Ambiente e Técnico en Medio Ambiente Natural da oferta de emprego público de 2008, que excluían aos biólogos da titulación requirida. A sentenza do TSXG do 24/III/11 foi desestimatoria.
- 1.14. **Consellería do Medio Rural.** Recurso contencioso-administrativo o 21/V/10 contra a convocatoria de bolsas de formación de tecnólogos e bolsas de prácticas para recién titulados.
- 1.15. **Director de Área Sanitaria de Ferrol.** Escrito do 19/VII/10 para lembrarlle que para os biólogos existe tamén o título de Especialista a partir da publicación do R. D. 1163/2002, de creación das especialidades sanitarias para químicos, biólogos e bioquímicos.
- 1.16. **Consellería de Sanidade.** Escrito do 20/VIII/10 lamentando o feito de que no informe do Plan Estratéxico do SERGAS ignórase completamente a participación da Decana do COBGA na súa elaboración. O 15 de setembro recibíuse unha carta de desculpa comunicando a modificación do documento.
- 1.17. **Fundación CETAL.** Escrito do 26/X/10 solicitando a inclusión dos biólogos na convocatoria dun técnico de apoio no proxecto "Control biolóxico de la podredumbre blanca radicular causada por especies del género Armillaria en viñedos de Galicia".
- 1.18. **Especialidades Sanitarias.** Escrito do 9/XI/10 a institucións sanitarias, clínicas privadas e reitores das universidades galegas para interesarse polo número de biólogos que exercen a súa actividade nos ámbitos da Reprodución Humana Asistida e Xenética Humana. O resultado foi: 16 en RHA e 29 en XH. As universidades contestaron que non tiñan biólogos nesas especialidades.
- 1.19. **Servizo de Promoción do Emprego.** Reclamación ao Director o 15/XI/10 sobre o baremo de expertos-docentes da convocatoria dos programas de escolas obradoiro e outros.
- 1.20. **Consellería do Mar.** Entrevista co secretario xeral da Consellería do Mar o 23/XI/10 para tratar asuntos vencellados á Relación de Postos de Traballo (RPT) da Consellería do Mar.

2. Alegacións presentadas

O Colexio expresa a súa opinión técnico-científica acerca dos asuntos da súa competencia e os relacionados coas actividades que realizan os biólogos.

- 2.1. **Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.** Enviadas alegacións o 9/VI/10 para a modificación do artigo 3 da Lei 11/2001, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado pola Lei "Omnibus".
- 2.2. **Proyecto de Real Decreto para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas.** O 13/IX/10 enviáronse alegacións a este texto, ao Ministerio de Medio Ambiente e ao Consello Xeral de COBs.
- 2.3. **Decreto dos Servizos Veterinarios de Galicia e das súas funcións.** Envíanselle o 13/IX/10 ao Director Xeral da Función Pública as alegacións do COBGA.

3. Comisións sectoriais

As Comisións sectoriais son instrumentos de participación colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboración, apoio á formación, etc.

- 3.1. **Comisión de Sanidade.** Celebrou a súa primeira reunión o 15/I/10. Entre os temas tratados figuran: Petición de información sobre a institución que decide a distribución das prazas B.I.R. por licenciaturas en cada convocatoria a fin de solicitar que cada ano haxa alomenos unha para biólogos en Galicia; Evitar que os COB desenvolvan cursos de formación con certificacións naquelas especialidades que xa existen vía BIR; A situación da Xenética en relación coa nova troncalidade das especialidades sanitarias; A situación da licenciatura de Bioloxía como parte das Ciencias da Saúde. A Comisión de Sanidade participou na elaboración do Plan Extratécnico do SERGAS.
- 3.2. **Comisión de Asuntos Laborais.** Celebrou reunións o 21/I, previa á entrevista co Secretario Xeral da Consellería do Mar; o 12/II, previa á entrevista coa Subdirectora de Persoal e Xestión Económica da Consellería de Medio Ambiente, T. e I.; o 10/III, previa á entrevista co Director Xeral de Función Pública; o 23/XI, previa á entrevista co Secretario Xeral da Consellería do Mar. O 30/XI houbo unha reunión de 13 funcionarios da Consellería do Mar na Facultade de Bioloxía en relación coa RPT.

- 3.3. **Comisión de Educación.** Tivo unha reunión o 23/II, previa á entrevista co Conselleiro de Educación.
- 3.4. **Comisión de Emprego e Formación.** Os seus compoñentes iniciaron unha serie de contactos para promover aspectos relacionados coas actividades de formación e de inserción laboral.
- 3.5. **Mesas Sectoriais e Territoriais relacionadas co Proceso de Participación Pública Activa da Directiva Marco da Auga.** O COBGA, foi convidado a participar nelas, convocadas por Augas de Galicia, en xullo de 2010. Con este fin designou unha representante experta.
- 3.6. **Comisión de Medio Ambiente.** Elaborou as alegacións ao Proyecto de Real Decreto para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas. Tamén redactou comunicados para notas de prensa relacionadas co seu ámbito.

4. Actividades de formación e xornadas técnicas

Unha das funcións do COBGA especificadas nos seus Estatutos é a de organizar cursos para procurar a formación permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos biólogos.

4.1. Cursos

En 2010 celebráronse 4 cursos:

- Curso de Avaliación de Impacto Ambiental. Santiago, 12-23/IV.
- Curso Técnico Acuarioloxía Mariña Litoral e Tropical. Illa de Arousa, 28/VI-2/VII.
- XIII Curso Práctico de Iniciación ás Análises Clínicas. A Coruña, 5-30/VII.
- Ferramentas de Xestión da Innovación. Santiago, 8-9/XI.

Participaron neles 15 colexiados, 28 estudantes de Bioloxía e 11 non colexiados.

Anuláronse 2 cursos por non ter inscritos suficientes: Parasitos en peixes de interese comercial (*Anisakis*) (Vigo), Análise microbiolóxica de alimentos (Ourense).

- 4.2. **Jornada Informativa Responsabilidad Ambiental.** Celebrada na Facultade de Bioloxía da USC o 24/III/10 con 104 asistentes. Coorganizada con EQA (European Quality Assurance), nela abordouse a obrigatoriedade das análises de risco ambiental, a necesidade de responder dos danos ao medio e o establecemento de formas de garantía financeira.
- 4.3. **Xornada técnica "Colexios profesionais: novos retos".** Organizada pola UPG o 21/V/10, nela participou a Decana do Colexio cun relatorio titulado "A colexiación: o caso do COBGA", no que se revisaba o marco legal existente na actualidade e se analizaba o exemplo concreto da profesión de biólogo dende o punto de vista do interese xeral, expoñéndoo como un estudo de caso.

- 4.4. **Xornada técnica "Colexios profesionais, adaptación á Directiva Europea de Servizos"**. Organizada pola Unión Profesional de Galicia o 22/X/10, nela interviu a Decana como moderadora dunha mesa redonda sobre o Real Decreto de visado colexial obrigatorio, na que participou Ignacio Apilánez, do Colexio de Biólogos de Asturias cunha ponencia titulada "El nuevo marco del visado colegial".
- 4.5. **XIII Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas**. Celebrado en O Grove o 7-8/X/10. O Colexio prestou a súa colaboración.

5. Bolsa de Emprego

Enviáronse 56 ofertas de diferentes orixes (webs das empresas ofertantes, peticións expresas delas, empresas de selección de persoal, webs de emprego, Servizo Galego de Colocación...). Están inscritos nela 818 colexiados e as seleccións fanse confrontando os requisitos solicitados cos campos de interese marcados polos colexiados, e tamén coas capacidades expresadas no seu C.V. As ofertas foron enviadas en 2010 case exclusivamente por correo-e, dado o breve período de resposta para as comunicacións deste tipo e que no 99% ten que ser tamén vía correo-e.

6. Servizo de información

Este aspecto da súa actividade, como tamén a Bolsa de Emprego, é de vital importancia para o Colexio. Manter un activo e eficaz servizo de información resulta prioritario para que os colexiados consigan desenvolver o seu exercicio profesional nas mellores condicións.

- 6.1. **NOVAS COBGA**. En agosto enviouse por última vez en formato escrito este boletín mensual. Desde xaneiro foron 5.356 copias en papel, cunha media de 20 páxinas cada mes.
- 6.2. A partir de entón, **NOVAS colócase na nosa web**, nunha sección restrinxida aos colexiados, de acceso mediante claves propias (co correspondente aforro de papel, tinta, sobres, franqueo e tempo). En xaneiro de 2011 solicitouse por carta aos colexiados que aínda non nolo tiñan comunicado un correo-e para manternos en contacto con eles. Restan 191 por facelo.
- 6.3. **Páxina web**. Visitas en 2010: 58.806 (ata xuño, 37.985; despois, canto se conformaron as partes restrinxidas, 20.821). RSS, 43.238 (está en aberto). Cursos, 3.781. Directorio, 1.867. NOVAS COBGA, 8.602 desde xuño. Unha media de 500 descargas/mes do documento total. Entradas desde Google, 16.503.

7. Outros servizos colexiais

En 2010 os colexiados beneficiáronse de descontos negociados con provedores de:

bens e servizos:

- Citric Diet
- Lonxanet
- Editorial Hélice
- Hotel Louxo-La Toja
- Gente Viajera
- Ecocelta
- CEI, SL (protección de datos)
- Musgo Aventura
- Tienda Virtual Sitio Distinto
- Cadenote Escuela de Vela
- Segurnet (seguros automóbil)
- Asociación Galega de Actividades Náuticas

- Complejo Turismo Rural Puerto Mágina;

actividades de formación (matrícula):

- Sanea
- Preparador de oposicións de secundaria
- Ambical Proyectos
- SGS Tecnos
- Fundación Mona
- Estándar Gestión Alimentaria
- Recursos Galicia
- Sfera Proyecto Ambiental
- Asociación Drosera

- OFC
- Fundación Aliter
- Instituto Tecnológico de Galicia
- FEUGA
- Colegio Biólogos Comunidad de Madrid
- Universidad de Alcalá
- Universidad del País Vasco
- Universidad Europea Miguel de Cervantes
- TECMA

Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura de O Grove (inscripción).

8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios

Realizáronse diversos comunicados e organizáronse actividades no colexio que tiveron presenza nos medios de comunicación. Xunto coas noticias dos cursos celebrados e a xornada de responsabilidade ambiental, 15 informacións. O impacto informativo foi de 700 módulos (14 páxinas), en 36 medios, e 2 horas e 30 minutos de radio e televisión.

Os temas e datas máis relevantes foron os seguintes:

- Olimpiada Galega de Bioloxía. 15/I/10.
- Día Mundial dos Humedais. 2/II/10.
- Día Mundial da Eficiencia Enerxética. 5/III/10.
- Día Forestal Mundial. 21/III/10.
- Conferencia sobre Biólogas e emprego. 20/IV/10.
- Xunta xeral COBGA. 30/IV/10.
- Día Internacional dos Incendios Forestais. 4/V/10.
- Día Europeo dos Parques Naturais. 24/V/10.
- Balance dos incendios do verán en Galicia. 14/IX/10.
- Informe PISA 2009. 29/XII/10.
- Ano Internacional da Biodiversidade. 31/XII/10.

9. Participacións do COBGA

O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.

- 9.1. **Acto de licenciatura Facultade de Bioloxía Universidade de Santiago.** Celebrado o día 10/IV/10, nel participou o Tesoureiro do Colexio.
- 9.2. **Conferencia Mulleres biólogas e emprego.** O 20/IV/10 na Facultade de Bioloxía da USC, pronunciada pola Decana do Colexio.
- 9.3. **Foro Patrimonio natural de Galicia: conservación e uso sostible.** Celebrouse en Santiago o 30/IV/10 organizado polo Grupo Correo e nel participou o Secretario do Colexio, Emilio E. Rodríguez, na mesa redonda *A conservación dos ecosistemas. A problemática de Galicia.*
- 9.4. **Acto licenciatura Facultade de Bioloxía Universidade de Vigo.** Participou a decana o 11/VI/10.
- 9.5. **Control colonias felinos.** O 11/VI a Decana asinou un convenio en Vigo co Concello, a Facultade de Bioloxía da Uvigo, o colexio de veterinarios de Pontevedra e a Asociación Protectora de Animais.
- 9.6. **Toma posesión novo Reitor Uvigo,** colexiado. Asistiu a decana o 18/VI/10.

10. Varios

Outros aspectos importantes da actividade do COBGA foron:

- 10.1. **Peritos xudiciais.** Enviouse a relación correspondente ao Xulgado Decano de Ferrol (29/VI/10), e á Unión Profesional de Galicia o 25/XI/10 para a elaboración da *Guía de peritos xudiciais*.
- 10.2. **Olimpiada Galega de Bioloxía.** O 15/I/10 tivo lugar na Facultade de Ciencias da UDC a quinta edición, na que colabora o Colexio, coa Xunta de Galicia e as tres universidades galegas. No certame participaron 75 estudantes de segundo de bacharelato de toda Galicia (29 centros), dos que resultaron vencedores dous de Pontevedra e un de Santiago. Os tres finalistas galegos acudiron á Fase Nacional, que se celebrou a finais de marzo en Valencia.
- 10.3. **Movilizacións en defensa da ciencia en España.** O Colexio adheriuse ao manifesto proposto polas entidades e colectivos que convocaron a manifestación celebrada en Madrid o 6/III/10 que tiña por lema "Por la dignidad en la investigación".

11. Nova sede do COBGA

O 14/VI/10 formalizouse a compra do local por un importe de 222.000,00 € + IVE, mediante préstamo hipotecario de 400.000,00 € concedido polo Banco Etcheverría, para abonar tamén os gastos da obra de habilitación (137.238,37 € + IVE). Despois de consultar condicións financeiras en 6 bancos e caixas, optamos pola opción máis favorable: compra e hipoteca a 25 anos, polo mesmo importe que aluguer a 20 anos e un crédito para financiar as obras do local.

Dito local ten unha superficie de 207 m² e localízase na rúa Banquete de Conxo, 6- baixo de Santiago, cerca da sede actual. Ten oficina, aula, biblioteca, despacho, sala de reunións e 2 baños. Ademais ten un rocho e 4 prazas de garaxe. Todo o local ten accesibilidade e as obras fixéronse co criterio de obter a máxima eficiencia enerxética. A licenza de obra recibíuse en novembro.

A sinatura foi o remate de ata 11 reunións, visitas e xestións sucesivas realizadas desde o 19/I coas entidades bancarias e o notario, a fin de perfilar as condicións ofertadas, o texto da hipoteca, e demais detalles da operación, incluída a formalización dun crédito ponte para facer fronte ao 2º prazo da obra. Desde o 21/I, data da sinatura do contrato de obra, a Xunta de Goberno tamén celebrou varias reunións coa empresa encargada da habilitación do local: 12/III, 16/IV, 16/VII, 19/VII, 3/VIII, 22/XI, para comprobar a marcha da obra e discutir varios aspectos relacionados con ela: elección de pavimento, condicións da aula, compra e ubicación do proxector de vídeo, etc. Este último asunto en concreto motivou 8 visitas en xullo, agosto e setembro ata comprobar o óptimo funcionamento de dito aparato despois de consultar 5 casas comerciais diferentes.

12. Reunións do COBGA

O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.

- 12.1. A **Xunta de Goberno** celebrou 5 reunións en 2010: as ordinarias foron os días 30/IV e 17/XII. As sesións extraordinarias os días 21/I, 15/II e 21/V. A **Xunta Xeral** de Colexiados celebrouse o 30/IV.
- 12.2. **Asistencia a reunións do Consejo General de COBs.** O tesoureiro participou na reunión do 20/III/10 en Madrid. O vicedecano participou no pleno do Consejo o 23/X en Madrid, á que non asistiu a decana ao non poder viaxar pola néboa. A continuación dese pleno foi os días 3 e 4 de decembro: neste caso asistiu a decana, pero o vicedecano non o fixo debido á folga dos controladores.
- 12.3. **Asistencia a reunións da Unión Profesional de Galicia.** A decana asistiu en Santiago o 15/I á Asemblea Xeral; á reunión do Pleno e Asemblea Xeral o 5/III/10; o 5/X á reunión da UPG co Conselleiro de Presidencia; o 8/X ao Pleno extraordinario sobre a interposición dun recurso contra o R.D. do visado colegial obligatorio e o 27/XII ao Pleno e Asemblea.

13. Percepcións membros Xunta de Goberno

Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraje, dietas ou aloxamento (segundo a tarifa oficial do BOE). Os cobros de cada membro da Xunta de Goberno no 2010 figuran na táboa seguinte:

		Olimpiada Biología (A Coruña)	Pleno Consejo COBs 20/III (Madrid)	Entrevista Conselleiro Educación (Santiago)	Entrevista S. Xeral Consellería Mar (Santiago)	Jornada UPG (Santiago)	Xornada informativa Uvigo (Vigo)	Notario formalización hipoteca (Santiago)	Plenos Consejo 23/X (Madrid)	COBs	Toma posesión reitor Uvigo (Vigo)	Pleno Consejo COBs 3-4/XII (Madrid)	Xunta Goberno 17/XII. (Santiago)	Soldos e honorarios	TOTAL (€)
Decana	(Ames)	x	-	-	x	x	x	x	x	x	x	-	-	0	944,19
Vicedecano	(Vigo)	-	-	-	-	-	-	-	x	-	-	x	x	0	282,62
Secretario	(Ourense)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Tesoureiro	(Vilagarcía)	-	x	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	80,65
Vocal 1	(Vigo)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 2	(Burela)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 3	(Santiago)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 4	(Santiago)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 5	(Narón)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 6	(Santiago)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 7	(Ourense)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 8	(A Coruña)	-	-	x	-	-	-	-	-	-	-	-	x	0	69,04
Vocal 9	(Ourense)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 10	(Ames)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 11	(Vigo)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 12	(Vigo)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 13	(Redondela)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Vocal 14	(Santiago)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
														1.376,50	

14. Informe anual de xestión económica

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Aluguer local	4.593,54
Comunidade (GC+BC)	394,86
Gardamobles+mudanza	1.475,44
Reparación e conservación	55,30
Asesoría Xurídica (avogado, procurador)	3.077,73
Primas de seguro (local+traballadores)	438,70
Servizos bancarios	4.641,60
Gabinete comunicación	10.340,00
Teléfono	1.329,87
Auga	149,38
Electricidade	372,85
Calefacción	186,04
Mensaxería	123,04
Certificados oficiais	189,00
Material de oficina	1.627,00
Franqueo correspondencia	5.135,89
Suscripcións revistas	97,76
Cotas socios institucionais (AEA, SECCFF, UP)	830,00
Subvencións (Pins bioloxía)	575,00
Artes gráficas (Tarxetóns nadal)	469,80
Transferencias a Consejo Gral. COBS	12.113,70
Gastos Xunta Goberno	1.376,50
Billetes avión Xunta de Goberno	1.380,44
Outros Xunta Goberno (Xornada UPG, Mesa Auga)	206,99
Tributos: IRPF	12.306,68
Tributos: IVA	367,67
Soldos e Salarios	40.952,31
Seguridade Social (total cotizacións)	19.342,08
Xestoría	1.142,10
Informática	1.134,63
Gastos cursos	11.370,36
Gastos varios novo local (Proxector, ferretería, estanterías...)	3.462,14
Recibos devoltos	8.430,00
Amortización préstamo	8.059,11
TOTAL	157.747,51

Este cadro resumo publícase a título meramente informativo.

INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Inscripcións	1.425,00
Cotas colexiados ano en curso	1.123,34
Cotas colexiados 1º e 2º semestres	147.500,00
Cotas colexiados deudores	3.274,79
Certificados oficiais	236,17
Visados	521,51
Compulsas	63,60
Ingresos financeiros	50,28
Devolución fianza	2.400,00
Ingresos cursos	12.920,00
TOTAL	169.514,69
Saldo anterior a 31/12/09 (Banco e caixa)	34.992,25

SALDO A 31/12/10

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Banco	9.133,06
Caixa COBGA	107,43
TOTAL	9.240,49
Facturas pendente de pago a 31/12/10	3.640,00
Facturas pendentes de cobro a 31/12/10	2.564,87

SOLDOS E SALARIOS

Soldos e Salarios	Posto	Dedicación	
	Gerente	100 %	23.796,34
	Oficial 1ª	100 %	17.155,97
	Administración		
Seguridade Social	Gerente		11.700,62
	Oficial 1ª		7.720,19
	Administración		

15. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
- Cota inscrición licenciados antes de 1 ano	15,00
- Cota inscrición licenciados despois de 1 ano	35,00
- Cota semestral colexiación normal	50,00
- Cota semestral colexiación reducida	30,00
- Compulsas colexiados	0,15
- Compulsas non colexiados	0,60
- Visado colexial	Segundo a fórmula (*)
- Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares)	6,31

(*) $VP = 0,1B + KxH$

- **B**= 232,86 €
- **H**=Honorarios percibidos polo colexiado
- **K**=0,01 para $H < 601,01$ €
- **K**=0,025 para $H \geq 601,01$ €

16. Información sobre procedimientos informativos e sancionadores en fase de instrución.

- Ao longo do ano 2010 non se produciron procedementos informativos ou sancionadores.

17. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores e usuarios ou as súas organizacións representativas.

- Ao longo de 2010 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

18. Cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos.

- Acometerase en breve a actualización do código deontolóxico.

19. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito de intereses en que se atopan os membros da Xunta de Goberno.

- Ao longo de 2010 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

20. Estatísticas colexiacións.

- O ano 2010 producíronse 54 altas e 88 baixas (74 voluntarias, 13 por morosidade e 1 por traslado). O activo a 31/XII/10 é de 1.516 colexiados.

21. Información estatística sobre a actividade de visado.

- Sometidos ao trámite de visado colexial en 2010, 54 memorias, realizadas por 7 colexiados.
- APPCC: 12 memorias
- Estudos e avaliacións de impacto ambiental (parques eólicos, cultivos acuícolas): 33 memorias.
- Outros (plans de vixilancia ambiental, acondicionamento de bancos marisqueiros...): 9 memorias.